

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de marzo de 2021**

Ás 18.34 horas do día 18 de marzo de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6339728>) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE MARZO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de marzo de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 18 de marzo de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral. desta provincia, en canto a situación da pandemia o permita.

2º.- PROPOSTA DE ACORDO POLA QUE SE AUTORIZA A PARTICIPACIÓN, COMO SOCIO DE PLENO DEREITO, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE NA ASOCIACIÓN “URBS REGIA” E NO PROXECTO DE ITINERARIO CULTURAL DO CONSELLO DE EUROPA “ORÍGENES DE EUROPA”

A **Sra. presidenta**, dálle palabra ao secretario para que aclare os aspectos administrativos do expediente. O secretario dá lectura a proposta.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, entende que este punto non xera debate. Calquera iniciativa ou programa que expanda a nosa cultura e o noso patrimonio polo mundo, sexa benvida. Espera que contribúa a que Ourense sexa coñecida por todo o mundo. O seu voto é favorable.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, sinala que lle chamou un pouco a atención. Buscou información e antecedentes e figuran como institucións asociadas o Concello de León, o Concello de Ponferrada, a Deputación de Toledo, o Campo Arqueolóxico de Mertola e unha entidade francesa. Non lle ve ningún problema. O canon de socio son trinta ou cincuenta euros. Espera que sirva para algo.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz de Democracia Ourensana, sinala que de momento reservan o seu voto. Fai unha reflexión e sinala que o portavoz do BNG nomeou algunhas cidades, pero nas orixes de Europa a importancia relativa das diferentes poboacións ou zonas xeográficas non tiñan que ver cos que teñen hoxe.

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, indica que fai reserva de voto para o Pleno. Non sabe se a cantidade que dixo Bernardo é a que ten que pagar a Deputación. Queren saber o importe da achega.

A presidenta da comisión sinala que estamos interesados en formar parte desta asociación, será o punto de partida para participar en diferentes propostas e solicitar conxuntamente subvencións, e posta en valor da cultura que vai dende a caída do imperio romano ata o medievo. Nós en Galicia, e en Ourense, somos uns privilexiados xa que temos diferentes tipos de arquitectura en diferentes zonas e de diferentes épocas, por exemplo en Bande, en Celanova. Non debemos deixar pasar esta oportunidade por unha cota mínima, e perder a oportunidade de dar a coñecer o noso territorio a través dun proxecto que vai ser moito máis grande. E algo que se está formando agora e as entidades estanse adherindo. O Ministerio de Cultura e Deportes manifestou tamén a súa adhesión. A contía inicial que hai que poñer é moi pequena.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (3), de DO (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Primeiro.- Manifestar a súa conformidade cos fins e obxectivos da Asociación URBS REGIA e o seu proxecto de Itinerario Cultural Europeo “ORÍGENES DE EUROPA”.

Segundo.- Autorizar a participación da Deputación Provincial de Ourense na Asociación URBS REGIA, organización que xestiona o proxecto de Itinerario Cultural Europeo “ORÍGENES DE EUROPA”.

Terceiro.- Solicitar á Asociación URBS REGIA a incorporación da Deputación Provincial de Ourense como socio de pleno, aceptando tanto os dereitos como as obrigacións que a asociación posúe para todas as súas entidades asociadas.

Cuarto.- Facultar á Presidencia ou deputado/a en quen delegue, para representar e actuar en nome da Deputación Provincial de Ourense nas actividades e órganos de decisión da Asociación URBS REGIA, así como para realizar cantos actos e trámites fosen necesarios para a efectividade da participación da Deputación Provincial de Ourense na citada asociación.

Quinto.- Aboar a cota de socio correspondente.

3º- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Álvaro Vila Araújo do Grupo Socialista, indica que no último mes veñen dectectando que o centro de interpretación de San Pedro de Rocas non está aberto ao público, e hai xente, turistas nacionais e estranxeiros, que chegan ás portas de ese centro de interpretación e está pechado. Pregunta cal é a causa polo que o dito centro de interpretación está pechado.

A presidenta da comisión sinala responderá na seguinte comisión cando solicite información ao respecto.

E, ás 18.45 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.